- Asesorar no deseño de políticas municipais en saúde e benestar.
- Avaliar proxectos e iniciativas

3. Información e sensibilización:

- Organizar campañas de información e educación sanitaria.
- Divulgar boas prácticas no uso dos servizos públicos.

Artigo 4. Ámbito de actuación





Concello de Mugardos
(A Coruña)

O Consello actuará dentro do termo municipal de Mugardos, e tratará asuntos coincidentes no ámbito das súas competencias municipais de saúde pública podendo colaborar con outros organismos a nivel provincial, autonómico ou estatal.

TÍTULO II: RÉXIME ORGANIZATIVO

1. Capítulo III: Organización e composición

Artigo 5. Estrutura organizativa

1. Pleno do Consello:

- Presidencia: Alcaldía ou persoa en quen delegue.
- Vicepresidencia: concelleiro/a delegado/a de servizos sociais ou persoa en quen delegue a alcaldía.
- Secretaría: Persoa con funcións administrativas sen dereito a voto.
- Representantes: Grupos políticos, entidades sociais, profesionais do Centro de Saúde e cidadáns maiores de 16 anos.

2. Comisións de traballo:

- Permanentes ou temporais para abordar cuestións específicas.

Artigo 6. Funcións da Presidencia:

- Representar ó Concello no Consello Municipal de Saúde.
- Ostentala máxima representación do Consello.
- Presidir o Consello Municipal de Saúde sen prexuízo das facultades do alcalde e do Pleno do Concello.
- Elevarlles ós órganos municipais competentes os acordos adoptados pola asemblea xeral, así como toda a información canalizada a través do Consello Municipal de Saúde.
- Coordinación das comisións de traballo.
- Canalizar os traballos e achegas das diferentes comisións para o Pleno.
- Convocalas sesións plenarias .
- Preparar a orde do día das sesións plenarias.

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Elaborar anualmente o borrador de programación xeral do Consello de Saúde para a súa aprobación polo pleno do consello.

Artigo 7. Funcións da Vicepresidencia:

- O/A Vicepresidente/a será o/a Concelleiro/a da área de Sanidade e asumirá as atribucións do/a Presidente/a en caso de ausencia, vacante ou doenza.

Artigo 8. Funcións da Secretaría:

- Exercerá a Secretaría o/a Secretario/a Xeral do Concello, quen poderá delegar en persoal municipal. O/a Secretario/a actuará con voz, pero sen voto.

- Correspóndenlle ó/a secretario/a as seguintes funcións:

— Efectuar a convocatoria das sesións do Consello Municipal de Saúde, por orde da Presidencia ou Vicepresidencia, no seu caso, así como as notificacións aos membros do mesmo.

— Elaboración de informes xurídicos das cuestións que se consideren necesarias e que estean comprendidas nas competencias do consello.

— Elaborar as actas das sesións do Consello Municipal e remitirlas ós membros deste.

— Expedir certificacións dos acordos que se adopten.

— Calquera función inherente ó seu cargo que lle sexa encomendada pola Presidencia.

Artigo 9. O Pleno do Consello

1. O Pleno é o máximo órgano e de representación de goberno, estará formada polos seguintes membros:

— O/A alcalde/sa do Concello de Mugardos

— O/A concelleiro/a de Servizos sociais.

--- O/A concelleiro/a que teña atribuídas as competencias en sanidade.

— Un/unha representante de cada partido político con representación no Pleno municipal, agás o grupo de goberno.

— Dous representantes das asociacións que teñan rexistrado como tales no rexistro municipal como asociación e teñan nos seus estatutos recollidas estas funcións.

— Un/unha representante dos Centros de Atención Primaria do Concello de Mugardos





Concello de Mugardos
(A Coruña)

— O/A Secretario/a do consello municipal de Saúde

Artigo 10. Funcionamento do pleno

1. Convocatorias:

- Ordinarias: Unha vez ao semestre.
- Extraordinarias: A proposta da presidencia ou un terzo dos membros.
- A duración máxima das sesións será de 1,5 horas.
- Os estudos, propostas e informes emitidos polo Consello son de carácter informativo e con fins consultivas, non vinculantes.

2. Quórum:

- Mitade máis un dos membros do pleno, incluíndo a presidencia.

3- A convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno realizarase cunha antelación mínima de 72 horas, acompañada da orde do día.

4- A orde do día do pleno

Fixarao o/a presidente/a, detallando os asuntos para tratar e as propostas das comisións de traballo que se lle unirán á convocatoria e remitiránelles a tódolos membros do Consello Municipal de Saúde.

5. De cada Pleno redactarase acta, que será aprobada na seguinte sesión, quedando en poder do presidente/a e a disposición de tódolos membros do consello, ós que lles enviará posteriormente unha copia.
6. Os acordos adoptaranse por maioría simple; no caso de empate considerarase o voto de calidade do/a presidente/a.
7. A baixa voluntaria ou a non asistencia continuada dun membro do Pleno, obrigará ó sector elector a substituílo. Para tal efecto, cada sector preverá a elección de substitutos.
8. Ás sesións de Pleno e das comisións de traballo poderán asistir, con voz pero sen voto, aqueles técnicos ou profesionais que polo seu labor ou experiencia se considere oportuna a súa participación, trala invitación do Consello Municipal de Saúde.

Artigo 11. Comisións de traballo

1. No seo do Consello Municipal poderán crearse, por acordo do Pleno do Consello Municipal de Saúde, diferentes comisións de traballo, en función das prioridades que se establezan.

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

2. As comisións de traballo teñen como función a de analizar e informar sobre os asuntos remitidos para o seu estudo polo pleno.
3. Poden participar nas comisións de traballo tódolos membros das entidades legalmente constituídas e/ou persoas que pola súa profesión ou vinculación á sanidade, poden contribuír ós obxectivos da comisión.
4. Formará parte das comisións de traballo, ademais dos membros que se propoñan no propio pleno, un/ha vogal compoñente do pleno do Consello Municipal de Saúde, elixido/a por maioría simple desta que actuará como coordinador/a, asumindo as funcións de dirección, impulso e coordinación das actividades e reunións das comisións de traballo.
5. O Pleno ratificará ou censurará as propostas presentadas polas comisións de traballo.

TÍTULO III PRINCIPIOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN

1. Capítulo IV: Transparencia e publicidade

Artigo 12. Publicidade

- As actas, informes e convocatorias serán publicadas na páxina web do Concello ou por outros medios.

Artigo 13. Información e participación externa

- Poderán ser convidados/as expertos/as ou representantes de entidades relacionadas coas materias tratadas.
- Adherirse á **Rede Galega de Promoción da Saúde (REGAPS)** do SERGAS para a promoción da saúde

Capítulo V: Disposición adicional

A constitución do Pleno do Consello Municipal de Saúde farase no prazo de dous meses desde a publicación deste Regulamento no BOP.

1. Capítulo VI: Disposicións finais

Disposición final O presente Regulamento unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor unha vez se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrera o prazo de 15 días hábiles a partir da súa publicación”.

TERCEIRO.- Proceder á apertura dunha fase de información pública durante trinta días hábiles mediante a publicación de anuncio no BOP, Espazo de Participación cidadá na elaboración normativa da páxina web do concello (<https://mugardos.gal/es/participacion-ciudadana-en-la-elaboracion-normativa/#1590311638036-ea7233d6-44fe>), no Portal de Transparencia do concello





Concello de Mugardos
(A Coruña)

(<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/094a6035-59a1-4c8f-98d9-8bb453f13fb4/>), e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/info.12>), sección Ordenanzas e regulamentos, prazo durante o cal as persoas interesadas poderán presentar cantas reclamacións ou alegacións estimen por oportunas.

De non presentarse suxencia, reclamación ou alegación ningunhas, o acordo ate entón provisional quedará elevado automaticamente á categoría de definitivo, levándose a cabo a publicación no BOP de A Coruña, sen que entre en vigor ata que teña transcorrido o prazo de quince días hábiles dende a súa remisión aos órganos competentes do Estado de da Xunta de Galicia de conformidade co establecido nos artigos 70.2º e 65.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Contra o acordo así adoptado poderán as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal superior de Xustiza de Galicia nos termos do artigo 10.1º.b) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa e 112.3º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CUARTO.- A constitución efectiva do Consello Municipal de Saúde e Benestar queda supeditada á entrada en vigor do Regulamento, sen prexuízo dos acordos internos que na súa aplicación podan ser adoptados por dito órgano complementario na súa execución para os efectos establecidos no artigo 34 do Regulamento de Participación Cidadá (BOP n.º 53 de 18 de marzo de 2013 e modificación BOP n.º 229, de 02.12.2016).

4º.-SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 1816/2024. APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 4/2025 1ª FASE GASTO CORRENTE.- Elévase á consideración do Pleno os antecedentes que constan no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica núm. 1816/2024, no que consta ditame favorable emitido pola CIP de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs en sesión realizada con data 16.10.2025.

Primeira quenda de intervencións	
Grupo PP	Abre o exame deste punto da orde do día o concelleiro Jorge Manuel Kuntz Peiteado. Traslada que se trata dun expediente elevado a consideración da Comisión Informativa e que ten por obxecto gasto corrente.

Segunda quenda de intervencións	
Grupo PSdeG-PSOE	O portavoz do grupo alude a posible falta de transparencia na proposta xa que en Comisión Informativa non se detallou os gastos amparados.
Grupo PP	Intervén novamente o concelleiro Jorge Manuel Kuntz Peiteado para responder que no expediente incluído na orde do día da Comisión se contemplaba información detallada sobre cada un dos gastos propostos

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdeG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- “Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Planúnico de concellos) **“POS+ ADICIONAL 4/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Basesse coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aoobxectoqueseindicaacontinuación:

	ACHEGA PROVINCIAL
Gastos correntes 2025	45.246,86 €
Redución da débeda do concello coa deputación	
TOTAL	45.246,86 €

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025	125.246,86 €
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025	45.246,86 €
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025	80.000,00 €

SEGUNDO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

TERCEIRO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

5º.- RÉXIME INTERIOR.- EXPEDIENTE 1982/2025. CONVENIOS (APROBACIÓN, MODIFICACIÓN OU EXTINCIÓN).- PROPOSTA DE “CONVENIO ENTRE LA SECRETARÍA DE ESTADO DE SEGURIDAD (DIRECCIÓN GENERAL DE LA GUARDIA CIVIL) Y EL AYUNTAMIENTO DE MUGARDOS (A CORUÑA) EN MATERIA DE SEGURIDAD”.- Elévase á consideración do Pleno os antecedentes que constan no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica núm. 1982/2025, no que consta ditame favorable emitido pola CIP de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior en sesión realizada con data 16.10.2025.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Primeira quenda de intervencións	
Alcalde	Abre o exame deste punto da orde do día o Alcalde. Explica a motivación da iniciativa para favorecer a colaboración entre as Forzas e Corpos de Seguridade e a Policía Local, para tratar de axilizar os procedementos e trámites.
Grupo EU	Toma a palabra a portavoz do grupo. Quere motivar a abstención no seu voto ao igual que cando se elevou ao Pleno a adhesión ao sistema VioGen, por consideran que hai datos sensibles que non deben estar a disposición de todo o mundo, e esperan que se poda ir dando información sobre cómo se garante.
Alcalde	Resposta á portavoz do grupo EU indicando que tan só terán acceso os integrantes da Policía Local.

Rematado o debate e sometida a moción a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdeG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á formalización de “CONVENIO ENTRE LA SECRETARÍA DE ESTADO DE SEGURIDAD (DIRECCION GENERAL DE LA GUARDIA CIVIL) Y EL AYUNTAMIENTO DE MUGARDOS (A CORUÑA) EN MATERIA DE SEGURIDAD”.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a súa sinatura.

6º.-SERVIZOS SOCIAIS.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA NÚM. 2025-1280 DETERMINACIÓN SERVICIOS MÍNIMOS CONVOCATORIA DE FOLGA NO ÁMBITO DO CONVENIO COLECTIVO DE AXUDA A DOMICILIO DE GALICIA CONVOCADA PARA OS DÍAS 23 DE OUTUBRO E 4 DE NOVIEMBRE DE 2025. .- Abre o exame deste punto da orde do día o Alcalde indicando que se trata dun asunto non sometido previamente a consideración de Comisión





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Informativa alguna en función do escaso tempo dispoñible entre a comunicación recibida e a primeira das datas de folga convocadas.

Non subscitándose debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdeG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	Afavor	Abstención	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- Ratificar a Resolución de Alcaldía núm. 2025-1280, de 22 de outubro de 2025, Cod. Validación: 7Z3ES69CWKLLY95EFLRMHLWM, nos seus propios termos.

7º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POR UN TREN DO SÉCULO XXI PARA FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL.- Asunto non sometido previamente a consideración de Comisión Informativa alguna, sendo o Alcalde o que presenta os antecedentes e sentido da declaración que ten por orixe un acordo plenario unánime do concello de Ferrol trasladado posteriormente á Mancomunidade.

Primeira quenda de intervencións	
Grupo PP	A portavoz cede a palabra ao concelleiro Jorge Kuntz Peiteado que pasa a realizar un breve resumo da declaración.

Segunda quenda de intervencións	
Grupo EU	Intervén a portavoz do grupo. Imaxina que non houbo tempo para que fose elevado previamente á consideración XVO. Tamén roga a que a Mancomunidade inste á Xunta de Galicia a que exerza as súas facultades de control sobre a concesión do transporte metropolitano.
Grupo PSdeG-PSOE	Toma a palabra o portavoz do grupo. Quere manifestar as carencias deste sistema de transporte que non permiten ir a traballar, poder conectar con outros territorios e se inste ao Goberno do Estado para que modernice as infraestruturas, paliando unha situación na que a veciñanza da comarca non dispón de medio alternativo ao que se suma o importe dos peaxes da autopista AP-9. Polo que en materia de mobilidade é imprescindible que se adopten medidas.
Grupo BNG	Intervén a portavoz do grupo. Adianta o voto a favor por canto xa se elevou á consideración do





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	Pleno unha moción no ano 2023 que contou coa aprobación unánime de todos os grupos. Consenso que tamén existe respecto do transporte metropolitano e se unen á proposta do grupo EU.
Alcalde	A pasada semana xunto coa Policía local estivo reunido con MONBÚS. Advertíronse cuestións mellorables que pasarían por unha modificación contractual e así o trasladaron á Xunta de Galicia como as rutas con horarios compartidos co alumnado.
EU	Intervén novamente a portavoz do grupo. Xa se fixo noutras ocasións e considera que o fundamental é o control sobre a concesionaria. E que a empresa ten outro tipo de carencias que afectarían negativamente ao servizo.

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdeG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno do Estado a de maneira inmediata restituír as frecuencias e horarios entre Ferrol e A Coruña que existían ata o 9 de Xuño incluíndo a relación directa con Madrid e o incremento das frecuencias entre Ferrol e A Coruña para cumprir as necesidades de mobilidade da cidadanía. Isto conleva aumentar o número de unidades para poder realizar un servizo ferroviario eficaz e eficiente (Que non haxa vehículos de RENFE “ociosos” que poidan prestar o seu servizo)

SEGUNDO.- Instar ao Goberno do Estado a iniciar este ano 2025 o estudo informativo para a modernización da infraestrutura ferroviaria entre Ferrol - Betanzos Infesta-A Coruña para que sexa unha liña do século XXI, que permita a integración da comarca de Ferrol co resto da rede ferroviaria galega e co exterior, onde se contemple a rectificación de curvas, renovación de túneles, duplicación de vía, electrificación, puntos de cruzamento para mercadorías de 750m como esixe a Unión Europea e a súa inclusión no Corredor Atlántico tanto de viaxeiros como de mercadorías. Dito investimento ten que supoñer redución considerable dos tempos de viaxe para que sexan competitivos con outros modos de transporte e o vehículo privado.

TERCEIRO.- Instar ao Goberno do Estado a resolver este ano 2025 as alegacións ao proxecto de construción do bypass de Betanzos Infesta e iniciar este ano a redacción do proxecto.

CUARTO.- Instar ao Goberno do Estado á mellora e modernización da infraestrutura e servizos de proximidade entre Ferrol e Ortigueira. O tren de vía estreita non pode continuar cun proceso de





Concello de Mugardos
(A Coruña)

degradación progresiva dado que é vital para a vertebración de todo o norte de Galicia entre Ferrol e Ribadeo.

QUINTO.- Instar ao Goberno do Estado á creación dun servizo de proximidade ferroviario entre Ferrol e A Coruña.

Trátase de vertebrar da forma máis eficiente un espazo urbano onde residen máis de 600.000 persoas, que permita unha mobilidade sostible, creando unha auténtica alternativa de transporte.

SEXTO.- Instar ao Goberno do Estado á intermodalidade dos diferentes modos de transporte.

Crear unha rede de transporte comarcal onde estean incluídos todos os modos de transporte colectivos existentes (trens de proximidade, trens rexionais, autobuses urbanos e interurbanos, taxis) con horarios e tarifas integradas. Esta rede de transporte supoñería a transformación das actuais estacións de tren e autobús de Ferrol, nunha única estación intermodal máis moderna e funcional. Por iso é necesario a sinatura este ano 2025 do Convenio de Construción da Estación Intermodal entre ADIF, Xunta de Galicia e Concello de Ferrol e revisar o número de apeadeiros en toda a liña para que poidan cumprir a función de accesibilidade adecuada, mellorando o acceso, e que toda a poboación beneficiase dos mesmos.

E solicitar á Mancomunidade que inste á Xunta de Galicia a que exerza as súas facultades de control sobre a concesión do transporte metropolitano

SÉTIMO.- Instar ao Goberno do Estado á integración do Porto Exterior e Interior na rede ferroviaria moderna. Inclusión do Porto Exterior e Interior na Rede Básica Transeuropea de Transporte (RTE-T) de transporte ferroviario de mercadorías xunto cos tramos Ferrol-Betanzos Infesta-Lugo-Monforte de Lemos para un maior desenvolvemento industrial e económico da comarca.

OITAVO.- Instar á Xunta de Galicia a solicitar o traspaso dos medios e servizos de viaxeiros por ferrocarril para a xestión ferroviaria dun verdadeiro Servizo de proximidade á comunidade autónoma de Galicia como existe noutras comunidades autónomas dado que non hai impedimentos legais para iso, o que suporía unha xestión máis próxima tanto para a administración como para a cidadanía. A transferencia das competencias debe incluír previa e necesariamente o compromiso do Goberno Central de rematar todas as obras pendentes, o traspaso de material e a financiación necesaria.

NOVENO.- Instar ao Goberno do Estado a impulsar as actuacións necesarias para garantir a chegada efectiva da alta velocidade ferroviaria ás cidades de Ferrol e Lugo, asegurando a súa plena integración no Eixo Atlántico de Alta Velocidade.

8º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN URXENTES.

Non se formulan.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

8º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Dáse lectura á dilixencia estendida por Secretaría con data 23.10.2025:

“MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

INICIO ACTUACIÓNS EXPROPIACIÓN FORZOSA CON DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE FRANZA)” POS +2024. Publicado o “DECRETO 44/2025, do 9 de xuño, polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto denominado Ampliación da rede municipal de saneamento de augas residuais no Monte (Santiago de Franza), no concello de Mugardos”, con data 30 de xuño de 2025 ditouse Resolución da concellería delegada de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior núm. 2025-0814, pola que presta aprobación á convocatoria das persoas titulares dos bens e/ou dereitos afectados, conforme ás notificacións individuais e nos anuncios a publicar no BOE, BOP de A Coruña e no Diario de Ferrol e La Voz de Galicia, para que se prexuízo de trasladarse ás fincas, se o considerase necesario co fin de recoller os datos para valoración dos bens ou dereitos afectados para o levantamento da acta previa á ocupación o 29 de xullo de 2025 e o levantamento de acta de ocupación definitiva o 13 de agosto de 2025, abrindo un periodo de información pública durante quince días naturais, contados a partir da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou ata o momento en que se proceda ao levantamento das citadas actas previas á ocupación. Consta na súa execución anuncio publicado no BOP n.º 126 de 4 de xullo de 2025, no BOE N.º 164 de 09.07.2025, no diario La Voz de Galicia o 9 de xullo de 2025 e no diario de Ferrol o 10 de xullo de 2025. De igual xeito con data 4 de xullo se remitiron notificacións ás persoas identificadas no expediente (número rexistro saída 2025-S-RE-910, 911, 912 e 913). Levantáronse, en data 29 de xullo de 2025, acta de comprobación previa posibles danos ou prexuízos urxente ocupación e acta previa á ocupación. Con data 5 de agosto requiríuse a presentación de documentación acreditativa da titularidade de quantas comparecencia se identifica como herdeiro dun dos titulares. Pola Resolución da alcaldía núm. 2025-0987, de data 12 de agosto de 2025, acordouse efectuar a consignación do xustipreciona Caixa Xeral de Depósitos; téndose suspendido o levantamento de acta de ocupación definitiva pola falta de consignación do depósito previo, constando no expediente, documentación xustificativa acreditativa da presentación con data 12 de agosto de 2025, de solicitude de depósito ante a Secretaría General del Tesoro y Política Financiera, atopándose esta en estado de validación. Con data 18 de agosto de 2025 efectúase transferencia á Caixa Xeral de Depósitos. Téndose convocado ao levantamento de acta de ocupación definitiva ás posibles persoas titulares afectadas, con publicación do contido da convocatoria no BOE, BOP e nos taboleiros de anuncios do Concello, levándose esta a efecto con data 29.08.2025, e subsanándose en data 14.10.2025 os erros existentes na citada acta de ocupación definitiva.

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

EXPEDIENTE XESTIONA NÚM. 197/2023.- ACORDO DE AGRUPACIÓN DAS ENTIDADES CO FIN DE CONCORRER, DE FORMA CONXUNTA Á TERCEIRA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS (2024), EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO DA AUGA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXT GENERATION EU. Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado do mesmo ao Concello de Ares, xunto coa documentación precisa para poder participar na citada convocatoria, formalizouse ante notario, xunto cos concellos de Ares e Fene, acta de manifestacións na que se manifesta a vontade de continuar no citado procedemento se unha vez resolto o mesmo, a agrupación formada recibe cando menos o 100% do importe solicitado, asumindo o compromiso de a tal efecto remitir ao órgano competente de cada Corporación o correspondente acordo para adoptar a decisión que corresponda, e presentouse a solicitude de participación na citada convocatoria.

EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) 1ª FASE POS+ ADICIONAL 2/2025. Traslado pola Deputación da Coruña da Resolución de Presidencia de 1 de xullo de 2025 pola que se levantan as condicións do investimento “Renovación dos pavimentos da beirarrúa na rúa Os Corzás”, número rexistro de entrada 2025-E-RC-3152. Téndose recibido Resolución da Presidencia da Deputación provincial da Coruña de 26 de setembro de 2025 pola que se comunica que se considerou aprobada a primeira fase do POS+ Adicional 2/2025 e na que se indica que o citado investimento está aprobado no POS+ Adicional 2/2025 (1ª fase) e que polo tanto poderase iniciar a súa adxudicación e posterior execución.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE E BENESTAR.- Certificado asinado con data 11 de xullo de 2025 dando conta da ausencia de achegas durante a fase previa de consulta pública, elevouse á consideración da CIP de Benestar Social e Igualdade con data 17 de xullo de 2025. Pola Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade, na sesión celebrada en data 7 de agosto de 2025, ditaminouse tomar en consideración o texto do proxecto do Regulamento, levar a cabo a realización da fase de audiencia e información pública e proceder a publicar anuncio comprensivo da finalidade do trámite que inclúa no Espazo de participación cidadá do Portal de internet municipal no que a veciñanza e colectivos implicados poderán realizar a súas achegas así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no Portal de transparencia do concello. E pola Resolución da Alcaldía núm. 2025-0983, acordouse levar a cabo a realización da citada fase de audiencia e información público proxecto de modificación puntual e texto refundido resultante do “Regulamento do Consello de Saúde e Benestar Social de Mugardos” así como proceder a publicar anuncio comprensivo da finalidade do trámite; téndose publicado o citado anuncio no Espazo de participación cidadá do Portal de internet municipal, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no Portal de transparencia do concello. Sen que durante o prazo de audiencia e información pública se teña presentado alegación ou reclamación algunha, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2025-0743, SOBRE APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO ACONDICIONAMENTO CLUB DO MAR.- Achegouse certificación ao expediente.

EXPEDIENTE 2292/2022.APROBACIÓN INICIAL SE PROCEDE PROPOSTA DE REGULAMENTO DE CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DO CONCELLO DE MUGARDOS.- Achegado certificado do acordo de aprobación inicial do Pleno, con data 24 de xullo de 2025 publicouse no BOP nº 140, anuncio comprensivo do sometemento á fase de información pública. Uniuse certificación asinada con data 19 de setembro de 2025 ao expediente comprensiva da ausencia de presentación de alegacións ou suxerencias no trámite de información pública desenvolvido conforme ao artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, remitíndose para os efectos do artigo 65.2º da mesma Lei, o seu texto íntegro á Subdelegación do Goberno na Coruña (número rexistro de saída 2025-S-RC-1259) e á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (número rexistro de saída 2025-S-RC-1260).

CALENDARIO LABORAL 2026. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e remitiuse certificación do acordo adoptado á Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de a Coruña.

EXPEDIENTE 1624/2025. ADHESIÓN DO CONCELLO DE MUGARDOS AO CONVENIO COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN MÚTUA DE SOLUCIÓNS BÁSICAS DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente téndose remitido ao cau periférico da Xunta de Galicia solicitude de acceso á sala de sinaturas de conformidade coas indicacións que constan no portal Eido Local, téndose asinado a adhesión con data 25.09.2025 e téndose inscrito no Rexistro Estatal de Organos e Instrumentos de Cooperación a citada adhesión.

EXPEDIENTE 1007/2024.- MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO CENTRO CÍVICO MUNICIPAL (FASE DE APROBACIÓN INICIAL NO SEU CASO E INFORMACIÓN PÚBLICA).Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia núm. 169 de data 05.09.2025, e simultaneamente no taboleiro de anuncios do Concello dispoñible na sede electrónica <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0>, na sección de Transparencia, apartado 2.1 (normativa en tramitación) e no espazo de participación cidadá na elaboración normativa dispoñible na páxina web <https://mugardos.gal/participacion-cidada-na-elaboracion-normativa/>, sección Iniciativa en fase de información pública; estando o expediente a disposición da veciñanza, en formato papel, no servizo de Secretaría de 09.00 a 14.00 horas, e o contido dos informes técnicos, resultado da fase previa de consulta e participación públicas e o texto completo do proxecto no indicado portal de internet, sección e apartado.Uniuse certificación asinada con data 23 de outubro de 2025 ao expediente comprensiva da ausencia de presentación de alegacións no trámite de información pública desenvolvido conforme ao artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, remitíndose para os efectos do artigo 65.2º da mesma Lei, o seu texto íntegro á Subdelegación do Goberno na Coruña (número rexistro de saída 2025-S-RC-1344) e á Dirección Xeral





Concello de Mugardos
(A Coruña)

de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (número rexistro de saída 2025-S-RC-1345).

EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) 2ª FASE POS+ ADICIONAL 2/2025. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Deputación Provincial de A Coruña.

EXPEDIENTE 1698/2025. IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DE TRIBUTOS. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº5-I REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. Uniuse certificación do acordo de aprobación inicial ao expediente, con data 25 de setembro de 2025 publicouse no BOP nº 183, anuncio comprensivo do sometemento á fase de información pública.

TOMA DE POSESIÓN CARGO ELECTO TRAS TRAMITACIÓN RENUNCIA. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e remitiuse á Junta Electoral Central certificación de secretaría comprensiva da data de remisión da credencial á concelleira entrante así como da data de toma de posesión da mesma (número rexistro de entrada Junta Electoral Central 2025004047, de 30.09.2025)

EXPEDIENTE 1224/2025. IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DE TRIBUTOS.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. Uniuse certificación do acordo de aprobación inicial ao expediente, con data 7 de outubro de 2025 publicouse no BOP nº 191, anuncio comprensivo do sometemento á fase de información pública.

EXPEDIENTE 1225/2025. IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DE TRIBUTOS.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3-I REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. Uniuse certificación do acordo de aprobación inicial ao expediente, con data 7 de outubro de 2025 publicouse no BOP nº 191, anuncio comprensivo do sometemento á fase de información pública.

RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA NÚM. 2025-1079 DETERMINACIÓN SERVICIOS MÍNIMOS CONVOCATORIA DE FOLGA NO ÁMBITO DO CONVENIO COLECTIVO DE AXUDA A DOMICILIO DE GALICIA DURANTE OS DÍAS 10, 11, 24 E 25 DE SETEMBRO DE 2025. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente.

RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 1071/2025.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025. APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente.

EXPEDIENTE 1769/2023.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DAS FACULTADES DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN TRIBUTARIAS. Elevado expediente administrativo aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

1769 á consideración do Pleno en sesión extraordinaria realizada con data 22 de outubro de 2025, uniuse certificación do acordo ao expediente, remitíndose anuncio de apertura de prazo de información pública durante 30 días hábiles para xeral coñecemento e presentación das alegacións que se estimen por oportunas, ao Boletín Oficial da Provincia con data 23 de outubro de 2025.”

9º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENTE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O ENTRE O 2025-1122 AO 2025-1281.

O Pleno da por realizado o trámite.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos	
Portavoz EU	Roga ao concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs que de traslado na vindeira Comisión Informativa do informe sobre o seguimento pola empresa de alumeado público das incidencias.
Portavoz PSdG-PSOE	Súmase ao rogo formulado. Lembra o rogo formulado para que se traslade á Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs información sobre o Convenio con SEAGA. Roga que se arranxen os problemas de mobiliario urbabo e farolas na zona do porto.

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as vinte horas e vinte e seis minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación en video cuxa pegada dixital é: ef1ad7b0ab5563cdb4f384b77c1e0c2d46b794efbd22b6c559e7e200c006cd1ff9bc89f98342112a0a949c81fea55f6a1da 1bfe2b437462cfd6dfdade208f8f

E de grabación sonora cuxa pegada dixital é
ffa5970eeb2701fdc155cddeb2b359bd55e8e2fbb205728eb3
3e5384aeb72e4c8fcb399c7783a797867799321eca76e3d6e5 341b595f839ec6fa3188674d209e

Visto e prace

O Presidente

A secretaria





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

